



# PLAN DIXITAL

## CEIP FONTE ESCURA

[Versión 2.0\_ outubro 2023]

## Índice do Plan Dixital

### 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

### 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

### 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

### 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

### 5. Difusión do PD

# 1. INTRODUCCIÓN

## 1.1. Datos básicos do centro

NOME DO CENTRO: CEIP FONTE ESCURA

DIRECCIÓN: 1ª TRAVESÍA DE BARREIRO, 34 CP: 36317 VIGO-PONTEVEDRA

CORREO: [ceip.fonteescura@edu.xunta.gal](mailto:ceip.fonteescura@edu.xunta.gal)

PÁXINA WEB: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfonteescura/>

O centro conta coas etapas de educación infantil e educación primaria, distribuídas do xeito seguinte:

COMPOSICIÓN DE UNIDADES DO CENTRO		
	Catalogadas	En funcionamento
Educación infantil	1	1
Educación primaria	3	4
Educación Especial	2	2

O alumnado distribúese do xeito seguinte:

INFANTIL E PRIMARIA			
		Alumnado	Grupos
Educación infantil	4ºEI	0	1
	5ºEI	2	
	6ºEI	6	
<b>Totais de educación infantil</b>		<b>8</b>	<b>1</b>
Educación primaria	1º	7	1
	2º	11	1
	3º e 4º	10	1
	5º e 6º	8	1
<b>Totais de educación primaria</b>		<b>36</b>	<b>4</b>
<b>Total xeral</b>		<b>44</b>	<b>5</b>

O profesorado que conforma o noso centro é o seguinte:

Nº	Nome e apelidos	Destino: D/P	Es pc	Observacións
1	Mª Eugenia Pérez Montes	D	31	Titora Educación Infantil.
2	Ana Mª Álvarez Gregores	D	38	Secretaría – mestra en 2º EP e apoios
3	Estefanía Prelcic Seoane	D	35	Titora 5º/6º EP. Mestra de Música e Danza
4	Isabel López Fernández	D	38	Titora 1º EP
5	Ana Belén Riveiro Loureiro	P	38	Titora 3º/4º EP
6	Marta Mª Quilez Cabello	D	32	Titora de 2ºEP. Mestra de Lingua Estranxeira – Inglés
7	Ángel Martínez Piñeiro	D	34	Educación Física
8	María Chao Barreiro	P	36	PT: Permutou con Raquel Vázquez Vaamonde
9	Estela Martínez Vila,	D	36	PT
10	Ana María Rodríguez Couto	P	36	PT – Titora AE1
11	Marta Touriño Silveira	P	36	PT – Titora AE2 Comisión de Atención Preferente
12	Jose Luís Barreira Lorenzo	D	36	Orientador
13	Montserrat Cabezas Gómez	D	37	Dirección e Xefatura Estudos.AL
14	Mª Lourdes Abellán Ruiz	P	37	AL. Comisión Atención Preferente
15	Mónica González Barros	P	37	AL
16	Ingrid Carolina Doylet Vargas	P	36	PT atención L.
17	Ana Belén Lago Vázquez	D	36	PT
18	Natividad Mª Alonso Baz	P	36	PT
19	Alba López Monroy	P	36	Programa PROA
	Pilar Vázquez Cebreiro	P		Relixión Católica. Itinerante

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Fonte Escura é un centro público de Educación Infantil e Primaria, de liña única situado ao leste da cidade de Vigo, nunha zona periférica coñecida como o barrio de Barreiro. O barrio de Barreiro está formado por tres núcleos ben diferenciados:

Por unha banda temos unha barriada formada polos bloques de vivendas dos antigos traballadores da fábrica GEA.

Por último, destacamos un colectivo de inmigrantes portugueses asentados no monte chamado Parachán, que viven en chabolas fabricadas por eles, constituíndo un grupo illado non integrado no barrio, pero si aceptado.

Outros núcleos de poboación que limitan coa zona son: Lavadores, Candeán, Cabral e San Paio.

As infraestruturas culturais e deportivas da zona son amplas contando cun ximnasio municipal con piscina, cunha Ludoteca municipal e coa asociación veciñal de Lavadores a cal desenvolve actividades diversas.

O CEIP Fonte Escura é un centro de titularidade pública no que se imparten ensinanzas de educación infantil e educación primaria. No presente curso, 23-24 , contamos con 1 unidade mixta de educación infantil e 4 unidades de educación primaria (1º, 2º, aula mixta de 3º e 4º, e aula mixta de 5º e 6º). Ademais, temos 2 aulas específicas con matrícula preferente de alumnado con TEA e alumnado con discapacidade motórica.

Ofrecemos resposta educativa a un gran número de rapaces/as con Necesidades Específicas de apoio Educativo (NEAE), dos cales, a metade son alumnado con Educativas Especiais (NEE). Todos eles demandan unha organización, estrutura e metodoloxía que definen a identidade do noso centro. A diversidade é a nosa maior riqueza.

## **Infraestruturas**

O centro está constituído por tres edificios: o ximnasio, o edificio administrativo e o edificio de aulas. Conta con amplas zonas exteriores diferenciadas para Educación Infantil, Educación Primaria e unha zona axardinada con horta.

O primeiro edificio que atopamos é o edificio administrativo, onde se atopa a dirección do centro, o despacho de orientación e a sala de mestres. Conta tamén cunha pequena cociña e un baño para ó profesorado. Noutra das edificacións atopamos o ximnasio cos correspondentes vestiarios e baños adaptados, o almacén, o cuarto do conserxe e máis a sala do ANPA.

## **Xornada escolar e horario do centro**

A xornada escolar é de 9:00 a 14:00 horas, pero abre as súas portas ás 8:40 para que o alumnado vaia entrando de xeito escalonado. Adicionalmente, ofrécese un servizo de comedor empregado pola meirande parte do alumnado. O horario de permanencia do profesorado no centro complétase coa adicación dos martes de 15:30 a 18:30 ocupando a primeira hora en atención aos pais/nais dos alumnos/as, gabinetes, agás o 1º martes de cada mes, que por criterios organizativos, non haberá reunións de titoría, e deixando o resto para o traballo de equipos, niveis e dinamizacións. No noso centro están en marcha equipos de dinamización moi activos aos que pertence todo o profesorado: equipo de dinamización da lingua galega, equipo TICS, equipo de biblioteca, equipo de horta ou equipo de actividades complementarias e extraescolares.

En relación ao centro educativo, o PD contribuirá á dixitalización da comunicación coas familias e outras institucións. Así mesmo, será un instrumento que favorecerá e impulsará o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensino-aprendizaxe, diversificando a tipoloxía de actividades, como no resto de procesos de xestión do centro, sempre co obxectivo último de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado e facilitar o traballo da comunidade educativa. Por ende, é un instrumento que parte do Proxecto Educativo e que será incluído na Programación Xeral Anual.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital debe permitir á comunidade educativa visualizar onde queremos chegar, entender de onde partimos e trazar o camiño que nos leve a conseguir os obxectivos planeados, tendo en conta a nosa realidade e a normativa vixente:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022.
- Artigo 30.1 do DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 15 da ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Artigo 34.1 do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 14 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

### 1.4. Proceso de elaboración

O devandito PD foi elaborado polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital constituído no primeiro trimestre do curso escolar 21-22. Tras isto foi necesario levar a cabo os seguintes pasos:

1. Configuración e elaboración da ferramenta SELFIE.
2. Análise da competencia dixital do centro (alumnado, profesorado e membros do equipo directivo) coa ferramenta SELFIE.

3. Análise da situación actual do centro a través dunha matriz DAFO.
4. Concreción dos obxectivos que se pretenden perseguir co PD.
5. Elaboración e redacción do PD.
6. No curso 2022-23, puxemos en marcha o noso PD, en funcións das características do funcionamento do noso centro en función do noso alumnado, e en función das nosas posibilidades.

## 2. SITUACIÓN DE PARTIDA

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CEIP Fonte Escura dispón de conexións cableadas desde todas as aulas (agás no ximnasio), así como conexión sen fío en todo o recinto. Adicionalmente, contamos con diversos recursos dixitais a disposición dos membros do equipo directivo, do profesorado e do alumnado, detallados a continuación:

- Equipamento

**Aulas:** Cada aula conta cun ordenador portátil ou ben de sobremesa con altofalantes, PDI (Pizarra Dixital Interactiva), ou Paneis dixitais Interactivos.

Ademais, tamén existen varios portátiles para o alumnado con conexión Wifi.

Por outro lado, o centro conta con 3 tabletas propias para uso do profesorado e alumnado, e 5 tabletas en “SERVIZO DE PRÉSTAMO” polo CFR (Centro de formación e recursos). A funcionalidade destas últimas é limitada, ás veces as actualizacións das aplicacións precisan dunha subscripción de pago. Estas tabletas son IPAD e as solicitamos cada curso escolar: o préstamo inicial é de 6 meses, e se non hai demanda por parte doutros centros, se prorroga o préstamo ata final de curso.

No curso 2022-23, dotaron ás aulas de EI, 1º-2ºEP, 3º-4ºEP e 5º-6ºEP dun Panel dixital Interactivo.

Neste curso, desdoubrouse o nivel de 1ºEP e o de 2ºEP, e a aula de 1ºEP, non ten Panel Dixital Interactivo. O solicitamos, pero estamos á espera de se é posible dotar a esta nova aula dun Panel Dixital Interactivo.



No curso 2022-23, dotouse ao Centro con 10 portátiles con pantalla táctil, para uso do alumnado.

**Biblioteca:** neste espazo dispoñemos de dous ordenadores de sobremesa (un co programa Meiga) e dous portátiles, ademais de PDI.

**Ximnasio:** un ordenador portátil.

**Sala de mestres:** dous ordenadores portátiles e un de sobremesa.

**Despachos:** tres ordenadores de sobremesa.

- Software

Todos os ordenadores están conectados en rede, co paquete de oficina Libre Office 4.1.5.

- Servizos dixitais

- Aula virtual.
- Web do centro.
- NAS: almacenamento nun servidor seguro e privado en rede.
- Espazo Abalar e Abalar móbil.
- Redes sociais: Instagram e Youtube.

A xestión e mantemento do equipamento está a cargo do equipo TIC que realiza as xestións necesarias, en colaboración coa UAC, para solventar as diferentes dificultades que se presentan, na medida das súas posibilidades..

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO no curso 2022-23:

Areas	Grupos	Primaria
A -Liderado	Equipo Directivo	2,3
	Profesorado	3,9
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	2,7
	Profesorado	3,4
	Alumnado	2,6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	2,2
	Profesorado	4,1
	Alumnado	3,9
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	3,3
	Profesorado	4
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	3,3
	Profesorado	4,2
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	3,6
	Profesorado	4
	Alumnado	3,1
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	3
	Profesorado	3,5
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3,3
	Profesorado	3,2
	Alumnado	4,1

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participou	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	4	6	66,70%
PROVISIONAL	3	4	75,00%
INTERINO	5	5	100,00%
SUBSTITUTO	3	3	100,00%
DESPRAZADO	-	-	-

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
76,8	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

A puntuación media no Test CDD do seu centro foi de 76,8 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>INF.</b>	76,8	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
<b>PRI.</b>	72,8	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

A puntuación media no Test CDD do seu centro foi de 76,8 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>Explorador/a A2</b>	7	46,70%
<b>Integrador/a B1</b>	6	40,00%
<b>Líder C1</b>	2	13,30%
<b>TOTAL</b>	15	100,00%

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permitiu o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilitou a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
ATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Os equipamentos cos que contamos no noso centro empregámoslos na súa totalidade.	Falta de recursos e cos que contamos están obsoletos. A meirande parte dos recursos cos que contamos foron adquiridos polo centro co cal non temos cobertura da UAC no caso de que fallen.
	PERSOAL DOCENTE	Implicación do profesorado no emprego das novas tecnoloxías. Profesorado disposto a aprender e a participar en novos proxectos. Actualización e esforzo por parte do profesorado na implementación e uso da Aula Virtual.	Falta de formación específica de algúns recursos cos que contamos no centro (PDI, Panel Dixital Interactivo). Carencias con respecto á existencia dunha estratexia dixital. Escaso tempo do que dispón o profesorado para explorar novas modalidades de ensino e falta de apoios externos.
	PERSOAL NON DOCENTE	Non se contemplan.	Non se contemplan.
	ALUMNADO	Curiosidade e interese polo descubrimento e a experimentación. Implicación do alumnado nas tarefas propostas a través das TICS. Efecto motivante das TICS no alumnado. Aumento da colaboración entre o alumnado grazas ao uso das TICS	Falta de acceso ás tecnoloxías nos seus fogares (conexión a internet, ausencia de dispositivos...)  Falta de formación específica, podería ser interesante que iniciasen un acercamento á un área específica sobre as tecnoloxías.
	FAMILIAS	A necesidade real de empregar as TIC como uso dun SAAC (Sistema Alternativo e Aumentativo de Comunicación) con algúns alumnos/as.	Falta de acceso ás tecnoloxías nos seus fogares (conexión a internet, ausencia de dispositivos...) Falta de interese e formación. Falta de control parental no uso das tecnoloxías.
	OFERTA	Presentación de contidos e actividades a través de diversos formatos para poder chegar aos diferentes perfís competenciais do noso alumnado.	Falta de recursos. Os recursos existentes, están obsoletos

ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>As aulas contan con ordenadores, PDI e algunhas aulas contan con Paneis Dixitais Interactivos; en todas hai acceso a Internet.</p> <p>Instalación do N.A.S. que nos permite aos docentes compartir documentación e recursos dun xeito seguro dende calquera ordenador.</p>	<p>Procedementos sumamente complexos, tanto para solicitar equipamentos como para que retiren os que xa non están actualizados, á Consellería e/ou ausencia de resposta.</p> <p>Non temos Panel Dixital Interactivo na aula de 1ºEP, nin nas dúas aulas Específicas.</p>
------------------------	---	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>Asistencia técnica (soporte da UAC) eficaz e rápida.</p>	<p>Asistencia técnica exclusiva para os equipos da Consellería que teñen instalado o paquete Abalar, e non para o equipamento adquirido polo centro e/ou co sistema Windows.</p> <p>Obriga de mudar os ordenadores ao paquete Abalar sen previa formación do profesorado.</p> <p>Falta de alternativa para utilizar os recursos creados noutro sistema operativo.</p>
	LEXISLACIÓN	<p>Actualización dos protocolos do centro no tocante á protección de datos do alumnado.</p>	<p>Constante actualización da lexislación, incrementando a carga administrativa do profesorado.</p> <p>Constante demanda dende distintos Planes e Programas: Plan Dixital, Polos Creativos; solicitudes de Contratos Programa; requirimentos do PROA+; ao que se suman aos documentos de organización de Centro ( PXA, Programación; Adaptacións Curriculares; solicitude Becas NEAE –no nos Centro solicitamos 21 becas-; DOC , tendo que dar resposta a todas estas demandas NO MESMO PRAZO DE TEMPO: os primeiros meses do 1º trimestre ( no noso Centro é moi complexo ante a recepción de moito alumnado NEE que precisa un período de coñecemento e adaptación.</p>

CONTORNA	Préstamo de recursos TIC ao centro por parte do Centro de Formación e Recursos.	Escasa ou nula conexión á Internet e falta de equipamentos das familias do alumnado máis desfavorecido. Coa dotación que nos deron, temos equipos, pero o lugar onde viven moitas familias, non teñen conexión a internet.
ANPA	Colaboración e comunicación estreita co centro.	Desvinculación persistente das familias máis desfavorecidas na colaboración co centro, así como ausencia de recursos e formación: algúns non saben ler nin escribir...para eles, as novas tecnoloxías son un “mundo lonxano”.
OUTRAS ENTIDADES	Préstamos, de asociacións con convenio de colaboración coa Consellería, de material TIC específico para traballar co alumnado NEE, así como formacións vencelladas.	Obstáculos á hora de compartir recursos e información derivados do cumprimento da lei de protección de datos.

### 3. PLAN DE ACCIÓN

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción terá en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Grazas á ferramenta SELFIE, que nos proporcionou un informe da situación, podemos realizar o informe DAFO. Este foi o seguinte paso necesario para lograr unha análise co que estudar as características internas (debilidades e fortalezas) e externas (ameazas e oportunidades). Nesta análise expúxose a realidade concreta e actual do centro, concluíndo en aspectos como:

- A escaseza de equipamento actualizado.
- As dificultades do alumnado e das familias no uso funcional das tecnoloxías.
- A importancia da actualización docente para mellorar a eficacia e eficiencia no uso das TIC.

Tras isto, establecéronse as áreas prioritarias sobre as que se formularon os obxectivos recollidos neste apartado:

1. Infraestrutura e equipos.
2. Desenvolvemento profesional continuo.
3. Competencia dixital do alumnado e familias.

Os obxectivos que perseguimos alcanzar neste curso son:

1. Continuar actualizando a documentación do centro relacionada coas TIC: inventario, listado de usuarios e claves de acceso, instrucións de uso para alumnado, familias e profesorado, etc.)
2. Facilitar a comunicación coas familias a través do aplicativo Abalar móbil: dende a primeira reunión inicial de curso; e durante as distintas titorías mantidas ao longo do curso.

As accións a desenvolver serían:

- Entregar ás familias un titorial teórico-práctico para descargar Abalar móbil.
- Desenvolver unha intervención transversal co alumando do 3º ciclo, para a adquisicións das destrezas e habilidades necesarias para a elaboración dunha presentación interactiva cos equipos do seu grupo-clase.

Finalmente, unha vez establecidas as áreas e obxectivos concretáronse os indicadores de logro e as accións necesarias para logralos, tal e como se reflicten na táboa do Plan de Acción do PD recollida no seguinte apartado.

### **3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas**

O equipamento do noso centro está constituído por ordenadores portátiles e de sobremesa, así como tres tabletas e PDI; Paneis dixitais Interactivos; 10 portátiles con pantalla táctil, tal e como se citou no apartado 2.1.

A excepción dos 10 portátiles recibidos o curso 2022-23, a meirande parte dos nosos recursos ( incluídos os IPAD de préstamo dende o CFR) son vellos e/ou están obsoletos polo que dificultan o seu uso.



Por este motivo, e co gaio de mellorar o noso equipamento precisamos:

	Dotación	Necesidade	Finalidade
<b>Infraestrutura</b>	3 tabletas	Temos 3 tabletas e necesitamos outras 3.	Aumentar recursos para facilitar o traballo co alumnado con NEE e dificultades severas de comunicación.
<b>Equipamento</b>	3 ordenadores de sobremesa	Temos 3 ordenadores obsoletos anteriores ao 2010.	Actualización deses medios informáticos para facilitar o traballo dos mestres (colocación na sala de mestres).
<b>Servizos dixitais</b>	Plataforma de traballo colaborativo (tipo Google Drive)	Temos ordenadores portátiles que non funcionan a pleno rendemento e/ou están obsoletos (son do ano 2007/2006) e precisamos que polo menos cada aula conte con un portátil para o traballo do alumnado. Necesitamos axilizar o traballo así como comunicarnos con maior eficacia e non é posible coas ferramentas actuais.	Actualización dos ordenadores cos que traballa o alumnado. Empregar o tempo ergonomicamente.

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Infraestrutura e equipos						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Continuar actualizando a documentación do centro relacionada coas TIC (inventario, etc.).				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Coordinadora do equipo TIC.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Documento que recolla os procedementos e pautas necesarios para xestionar a sección TIC do noso centro educativo.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	Documento actualizado ata o curso 2022-23.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	Documento que unifique a información TIC do noso centro.			Ao remate do curso 23/24		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Nomeamento do coord. TIC	Dirección	Mes de setembro.	Convocatoria.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Actualización do documento que recolla toda a información necesaria para a coordinación dos recursos TIC do centro.	Coordinadora TIC.	2º trimestre.	Ordenador.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Competencia dixital do alumnado e familias.						
<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	Facilitar a comunicación coas familias a través do aplicativo Abalar móbil: dende a primeira reunión inicial de curso; e durante as distintas titorías mantidas ao longo do curso.				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo e equipo docente.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Enviar os avisos só a través do aplicativo Abalar móbil.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	As comunicacións só a través do aplicativo Abalar móbil.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	Comunicación da información do centro a través do recursos Abalar móbil.			2º trimestre.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1:Creación dun titorial teórico-práctico para a formación ás familias.	Dirección coa colaboración do Equipo TIC	1º trimestre.	Titorial teórico-práctico.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO3.2:Formación para as familias sobre o uso de Abalar móbil.	Titoras co asesoramento da coordinadora TIC.	2º trimestre.	Convocatoria, espazo físico, PDI e ordenador con conexión a Internet.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

### Axuda para completar as táboas:

**(1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** que sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como.
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado.
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa.
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** o **Non acadado**).

**(2) INDICADORES: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.

**(3) VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) da situación inicial do centro

**(4) VALOR PREVISTO:** Cantidad numérica do indicador que queremos alcanzar cunha **data** límite para acadalo.

## ACCIÓN A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Son as persoas implicadas e responsables de cada acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN :** Data concreta na que se espera finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas orzamento,..)
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Utilizar esta mesma táboa para reflectir de xeito rápido na avaliación do Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

## 4. AVALIACIÓN DO PLAN

O plan contemplará un seguimento e avaliación para valorar o grao de logro dos obxectivos fixados e/ou establecer as modificacións necesarias, en función dos obxectivos propostos, e tendo en conta as características do centro.

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

## 5. DIFUSIÓN DO PLAN

O presente PD estará dispoñible para consulta de calquera axente da nosa comunidade educativa a través da páxina web do centro, no apartado relativo á documentación. Adicionalmente, no centro existirá unha copia, dispoñible para calquera membro do Claustro que o desexe.

Vigo 17-10-2023

Montserrat Cabezas Gómez- Directora e Coordinadora

María Chao Barreira.

Mónica González Barros.

Estefanía Prelcic Seoane.